



# Bases

## Concurso “Samaín Selfies Soutomaior 2018”

### CONCURSO “SAMAIN SELFIES SOUTOMAIOR 2018”

31 de outubro a 3 de novembro de 2018

O Samaín foi a orixe de todo. En gaélico, Samhain significa «fin do verán», pois os/as antigos/as celtas celebrábanos neste momento de transición do estío ao inverno. Esta celebración milenaria ten lugar cada ano, durante a noite que vai do 31 de outubro ao 1 de novembro, nunha desas datas nas que se conta que é máis fácil transitar entre dous mundos: o dos vivos e o dos mortos. Este concurso nace coa finalidade de recuperar e poñer en valor as nosas festas populares e a tradición cultural de Galicia, especialmente entre a mocidade, co fin de dinamizar a participación activa da Xuventude pero tamén de todos os veciños e veciñas do Concello de Soutomaior.

### BASES PARA A PARTICIPACIÓN

#### PARTICIPANTES

As persoas que presenten o selfie deberán ter entre 12 e 35 anos e serán os/as que figuren como participantes inscritos/as no concurso. No selfie tamén poderán aparecer outras persoas con outras idades.

#### TEMÁTICA E CONTIDOS DOS SELFIES OBXETO DO CONCURSO

As persoas inscritas deberán realizar un selfie, no que deberán aparecer disfrazadas e caracterizadas con motivos da festa de Samaín e tendo presente os valores e significados desta festa popular.

O selfie levará un título.

No selfie presentado a concurso deberán recoñecerse obrigatoriamente:

1. símbolos ou algún elemento propio da celebración tradicional galega do Samain ou da súa orixe.

#### ENVÍO

1. Máximo 1 selfie por inscrición.
2. correcta e completa cumprimentación do formulario habilitado ao efecto na páxina web do Concello habilitada para tal fin: <https://gabinetesoutomaior.com/index.php/concurso-samain-selfies-2018>
3. Si a persoa inscrita é menor de idade deberá estar autorizada polo seu pai/nai ou titor-a legal.



4. Aceptar as bases do concurso e as normas de protección de datos así como o uso das fotografías por parte do Concello de Soutomaior na súa web e redes sociais con fins institucionais.

## ADMISIÓN E PUBLICACIÓN

Os selfies soamente poderán mostrar persoas identificables aínda que estas estean caracterizadas polo obxecto do concurso. En ningún caso poderán mostrar situacións inapropiadas, hostís, difamatorias, calumniosas e/ou que promovan a intolerancia, racismo, odio, violentas ou dano contra calquera persoa ou grupo, e/ou a discriminación por motivos de raza, relixión, xénero, nacionalidade,...

Os selfies que a organización considere impropios non se publicarán e as persoas remitentes serán automaticamente descalificadas.

Una vez verificados os datos, os selfies serán publicados na web para a súa votación popular.

## PRAZO

O envío dos selfies poderá realizarse entre o mércores 31 de outubro e o sábado 3 de novembro ata ás 20.00 h, ambos inclusive. A partir do peche xa non se poderán subir máis selfies. Os selfies recibidos fora deste prazo non serán admitidos.

## SEGUIMENTO DO CONCURSO

As persoas participantes no concurso recibirán un correo confirmando a correcta recepción da inscrición presentada. Poderán seguir o concurso a través da web e ver os que se van publicando así como o ranking de votacións.

O sábado 3 de novembro terá lugar a gran celebración do Samaín en Talorío e poderá seguirse o concurso neste lugar mediante unha pantalla onde estarán circulando as fotos presentadas así como cales están sendo as máis votadas.

## SISTEMA DE VOTACIÓN, XURADOS E DESIGNACIÓN DAS PERSOAS GAÑADORAS

Establécense dous sistemas de votación e, en consecuencia, dous xurados diferentes:

**Votación Popular:** a votación realizarase a través da web <https://gabinetesoutomaior.com/index.php/concurso-samain-selfies-2018> . Poderán votar todas aquelas persoas que queiran dar o seu apoio ao Concurso. Non se admitirán comentarios vexatorios, insultantes ou inapropiados sobre os selfies a concurso. Resultarán seleccionadas da votación popular **os 6 selfies** que consigan maior número de votos. Os selfies poderán votarse entre o mércores 31 de outubro e o sábado 3 de novembro ata ás 20.00 h, ambos inclusive. Non se poderá votar unha mesma foto dúas veces no mesmo día.

O sistema ponderado de votación toma o número total de votos de todas as fotografías, que se ten en conta á hora de realizar os cálculos. É dicir, aínda que dúas fotografías teñan a mesma media aritmética, valorarase a que máis votos teña.

**Votación xurado oficial:** nomeado polo Concello, reunirse o sábado 3 de novembro para que entre os seis máis selfies máis votadosse realice a selección dos **tres selfies finalistas máis**: creativos, orixinais, participativos e, tamén se valorará que se identifique algún lugar do Concello ou a participación nalguna das actividades contempladas no programa de celebración da festa do Samaín 2018.

Resultarán gañadoras os tres selfies que obteñan as maiores puntuacións da suma dos votos dos membros do xurado oficial que estará composto por persoas expertas no obxecto do concurso.

As persoas ganadoras daranse a coñecer o día 3 de novembro arredor das 21.15 h cando remate o programa de celebración da festa do Samaín en Talorío.



## PREMIOS

O Xurado seleccionará **tres selfies/fotografías finalistas**. Cada premio consistirá en:

- CAIXA - AGASALLO para participar nun xogo do ESKAPARK VIGO para gozar entre 2 e 6 persoas escollidas pola persoa gañadora. A persoa gañadora poderá escoller un destes xogos:
  - Alkatraz Classic, alkatraz Guantánamo, alkatraz medieval, 4º elemento, 9º pasaxe, caixa diabólica, corredors.

Para gozar do premio haberá que comunicar día e hora na OMIX para consultar nome e idades de participantes no xogo escollido, dispoñibilidade de datas e horarios. Os premios caducan aos seis meses contados a partir do 3 de novembro.

Os premios aceptaranse na forma descrita nas presentes bases, non podendo cambiarse, devolverse, nin substituírse polo seu valor económico.

## DEREITOS SOBRE AS IMAXES, PROPIEDAD INTELECTUAL E CESIÓN

O Concello de Soutomaior como organizador do Concurso, comprométese a non ceder a terceiros os datos persoais recibidos, e a utilizalos unicamente para contactar coas persoas inscritas sobre cuestións relativas a este Concurso ou para notificar a convocatoria doutros concursos similares ou actividades municipais. Toda persoa participante no Concurso garante que é a única titular e propietaria dos dereitos de propiedade intelectual dos selfies enviados e, que esta é orixinal e que está libre de dereitos a favor de terceiros, exonerando ao Concello de Soutomaior de calquera reclamación a este respecto.

O Concello de Soutomaior comprométese, pola súa parte, a indicar o nome do Concurso no que esta imaxe foi presentada, cada vez que sexan reproducidas.

Toda persoa participante no concurso cede ao Concello de Soutomaior os dereitos de explotación da fotografía, incluíndo os relativos a uso, difusión, distribución, exhibición, comunicación pública, divulgación e reprodución, así como o dereito de transformación na medida necesaria para publicalas nos seus perfís oficiais, redes sociais e nas súas webs oficiais, material de prensa, feiras, eventos,...

A cesión destes dereitos, que se realiza, sen limitación temporal e con carácter gratuíto ao Concello de Soutomaior, é condición de validación e goce da totalidade do premio. As imaxes non se cederá a terceiros, agás autorización expresa da persoa participante no concurso.

## RESPONSABILIDADE

A participación no Concurso implica o coñecemento e aceptación das características, límites e riscos de Internet. As persoas participantes no Concurso comprométese a que a información que faciliten sexa completa, veraz e actualizada. O Concello de Soutomaior declina calquera responsabilidade que puidera derivarse dos posibles erros, omisións ou falsidades derivados dos datos facilitados polas persoas concursantes e/ou premiadas.

O Concello de Soutomaior resérvase o dereito por calquera motivo de anular, retrasar, interromper e/ou prorrogar o Concurso ou modificalo, en todo ou en parte sen que resulte responsables por isto.

No suposto de que o Concello de Soutomaior fóra obxecto de calquera reclamación, xudicial ou extraxudicial, iniciada por terceiros e baseada en posibles infraccións dos dereitos de propiedade intelectual ou da imaxe de terceiros, en relación co selfie enviado ao Concurso, as persoas inscritas como participantes asumirán cantos gastos, custes e indemnizacións puideran derivarse de tales accións xudiciais respondendo fronte ao Concello ou fronte a terceiros segundo corresponda.

## A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA A ACEPTACIÓN INTEGRAL DESTAS BASES